

# NA ESCOLA

Martes, 16 de junio de 1992

Núm. 124

O suplemento “Na Escola” naceu un xoves, 7 de abril de 1988, a raiz das conversas mantidas entre a dirección do diario **La Región** e os responsables de **Nova Escola Galega** en Ourense. Era a segunda tentativa da nosa asociación por difundir sistemáticamente na prensa diaria os primeiros recursos, os medios

ou as experiencias de renovación pedagóxica. Tentamos facer algo distinto dos suplementos xa existentes, tanto daqueles que, sendo galegos, non estaban feitos en galego como aqueles outros de ámbito estatal nos que predominaba a información sobre os aspectos pedagógicos. O plantexamento faise

dende Ourense, pero sen localismos e sendo conscientes da problemática común do ensino en Galicia e da necesidade de alternativas globais. Cuns obxetivos sempre claros e cun enfoque renovador, mesturamos as descripcións coa información, coa análise, coa crítica, coa ironía e co humor.

# O humor “Na Escola”

□ Nova Escola Galega elaborou o libro “Garabulliño e a escola elástica”, baseado na tira cómica aparecida neste suplemento

Certamente, o humor merecia un capítulo especial como un recurso imprescindible para facernos tomar consciencia da realidade, contánda o, interpretándoa e criticándoa con mecanismos diferentes dos empregados habitualmente no discurso pedagógico.

As obras de Francesco Tonucci, quen estivera en Ourense para participar na III Semana de Educación, supoñían para nos un modelo ideal de humor pedagóxico, recurriendo a elas de cando en vez, para completa-la análise dalgún tema. Tamén nos gustara o estilo das viñetas de Pepe Carrereiro en "A Pizarra". E mesmos os autores do humor na prensa diaria e nas revistas especializadas podían aportarnos lecturas divertidas dos problemas pedagógicos más acordes coa especificidade da escola en Galicia. Nos primeiros números o colaborador máis asiduo foi Pestiño.

O certo é que sen decidirnos por ningún estilo concreto, pedimos colaboracións diversas para cubri-lo capítulo do humor durante o primeiro trimestre de publicación, un total de doce números. Foi no vran cando Xoán Manuel Andrade pensou nun persoaxe e no posible discurso pedagóxico en col do que xirase a análise humorística dos diversos problemas educativos. O seu producto é "O Garabulliño", persoaxe destacado dunha historia escolar baseada na reivindicación do protagonismo do neno, do respeto pola diversidade persoal e cultural, na reivindicación en definitiva dunha nova escola pública galega.

Durante todo o curso 1988-89 "O Garabulliño" acudiu puntualmente a súa cita semanal, inspi-

rándose no tema monográfico tratado cada día ou en calquera otro evento que fose motivo de risa. O curso seguinte encetamos a publicación simultánea de "Nas Escola" e de "Atlántico Escola", acadando una certa difusión en todo o sur de Galicia. No Consello de Redacción incorporáronse dúas personas, unha de Vigo e

O humor merecia un  
capítulo especial  
como un recurso  
imprescindible  
para facernos tomar  
consciencia da  
realidade, contándaoa,  
interpretándoa  
e criticándoa

outra do salnés, obtendo tamén un maior respaldo da Secxretariado Galego de Nova Escola, o que nos facía soñar cun suplemento de ámbeto galego, demandado en todas-las bisbarras onde ten implantación dita Asociación.

Nesta euforia vimonos na necesidade de suspender a publicación o martes de Entroido, 27 de febreiro de 1990, por causas alleas á nosa vontade. A colaboración de Andrade fixérase imprescindible.

"O Garabulliño" tiña una sección fixa no suplemento. Ningún pode poñer en dúbida a xenialidade do debuxante, a súa creatividade para deseñar un persoaxe

escolar, extraído da nosa antropoxenia máis enxebre, capaz de substituír o modelo educativo que impera en Occidente, dende os comenzaos da contemporaneidade.


Na derradeira carta que me enviava Andrade, enterado de que podía retomarse a publicación dos suplementos, despedíase expresivamente con satisfacción de que podía aproveita-las vacacións argallando algo novo, posto que o persoaxe e mailo autor teñen ainda moito que dicir e moitinho que facer a prol da nosa escola.

No obstante, coido que ese paréntese de seis longos meses danlle unha certa entidade a aquela primeira etapa e permitiñao xuntar aquelas cincuenta "tiras" cónmentedadas, nunha obra que sirva ó mesmo tempo, para sistematizar o pensamento pedagóxico subxacente ó humor do Garabuillío, e por outra banda, para ponerlas ó alcance de todos aqueles que non coñeceron o suplemento, ou ben que non seguiron integralmente a súa publicación.

O libro

A sistematización dos comentarios que aparecen no libro "Garabulliño e a escola elástica", que está subvencionado polo Concello de Ourense (Concellería de Cultura) encargados a persoas que en algúns momentos colaboraron nas páxinas do suplemento "Na Escola", principalmente membros de Nova Escola Galega, fíxose tendo en conta tres grandes temas abordados con ironía e a retranca polo "Garabulliño": escola e sociedade, avances pedagóxicos de tipo organizativo ou metodolóxico e profesorado.

A publicación recolle as primeiras cincuenta tiras comentadas aparecidas ao longo da primeira etapa de publicación do suplemento



Portada da publicación elaborada por Nova Escola Galega.

No primeiro dos apartados, as reflexións céntranse na especificidade da problemática educativa galega, así como en problemas educativos de carácter histórico ou socio-histórico.

No segundo apartado analizaremos os aspectos preferentemente didáticos e metodológicos, cunha perspectiva de renovación e


cambio educativo: novos enfoques e ámbitos curriculares, recursos e técnicas alternativas e reformas na aula.

Para rematar recóllense diversos traballos sobre o profesor como foco de moitas das críticas –e dos recoñecementos– realizados polo Garabulliño.

XOSE M. CID



O día 15 de xuño de 1983, aprobaba a Lei de Normalización Lingüística. La Lei, viña a ser un instrumento co que garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e a asegura-la normalización do galego como lingua propia. O novo texto tiña a súa orixe na Constitución e mailo Estatuto de Autonomía. A primeira sinala que "as outras línguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus estatutos".



A lingua galega é materia obligada de estudios en todos os niveis educativos non universitarios.

## Recopilada nun libro a lexislación actualizada sobre a lingua galega

□ Piñeiro Permuy: "a normalización do galego non é cosa de facer en pouco tempo"

O Estatuto Galego, datado no 6 de abril de 1981, indicaba que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normas e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

No mesmo Estatuto, dentro do capítulo de competencias en xeral se di que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, a promoción e o ensino da Lingua galega. Asemade é competencia da Comunidade, dende entón, do regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión.

O conxunto de normas desenvolvidas a partes dises dous textos, a Constitución e o Estatuto Galego, fora recopilado nun libro que editou a Consellería de Educación y Ordenación Universitaria. Un libro que, segundo dí o seu prólogo o titular diste Departamento, Xosé Piñeiro Permuy, ten unha cualidada a súa utilidade. Unha utilidade que, según as suas verbas, debería levar a os galegos a caeren na conta da importancia da súa lingua "Así, di, teríamos alcanzado uns os grandes atracos que, polo de agora, é un inconveniente no proceso de normalización do idioma galego".

Lembra asemade Piñeiro Permuy que unha das tarefas que o Goberno Galego ten que levar acabo, é a de acada-la normalización plena da lingua galega. Nembargantes non esquece que á laboura non é cosa de facer en pouco tempo. "Para posibilitalo cumprimento de tódalas disposiciones referentes a esta materia, cómpre que os cidadáns as coñezan, por iso se pensou en reuniñas nun manual sinxelo e fácilmente accesible para todo o mundo.

### Lei de Normalización

No seu preámbulo a Lei de Normalización Lingüística senalaba que á lingua –por ser o núcleo vital da nosa identidade– co-



Piñeiro Permuy, conselleiro de Educación, institución que elaborou o libro.

ma un dos factores fundamentais cara á plena recuperación da personalidade colectiva de Galicia.

A lingua, segundo di textualmente a lei, é a maior e a más orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle da unidade interna á comunidade.

"Unenos co pasado do noso pobo, por que del a recibimos como patrimonio vivo, e uniranos co su futuro, porque a recibimos de nós como legado da identidade común.

E na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e os galegos emigrados polo mundo".

### DOCUMENTACION

#### Cursos e validacións

O libro elaborado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia recolle na súa derradeira parte, os cursos en lingua galega e as validacións.

Equí se recollen fundamentalmente as normas sobre os cursos de iniciación e perfeccionamiento a lingua galega, probas libres de iniciación, a validación dos cursos de iniciación, perfeccionamiento e especialidade para profesores de Ensinanza Xeral Básica, as validacións por ter cursado galego no ensino básico e medio, a validación dos estudios de galego feitos nas Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma, a validación para alumnos universitarios e licenciados, os requisitos para solicitar o diploma de profesor especialista en lingua galega e as normas para os que non superaron a proba do galego do concurso oposición para o ingreso no corpo de profesores de Ensinanza Xeral Básica.

A Lei de Normalización Lingüística, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 14 de xullo desde ese mesmo ano de 1983, articúllase a través de seis títulos, que tratan, nista mesma orde, dos dereitos lingüísticos en Galicia; de uso oficial do galego; do uso do galego no ensino; do uso do galego nos medios de comunicación; do galego exterior e da Administración autonómica e a función normalizadora.

Finalmente na súa disposición adicional, apunta que "nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega".

O título terceiro, adicado ó uso dogalego desenvólvese a través de seis artigos –do 12 ó 17– e comenza lembrando que o galego é tamén lingua oficial do ensino en tódolos niveis educativos. O contido diste título fala do dereito que teñen os nenos de recibir o primeiro ensino na súa lingua materna, así como de que o Goberno galego deberá arbitrar as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.

#### Estudio obligado

Nel establecese tamén que a lingua galega é materia de estudio obligado en tódolos niveis educativos non universitarios, debendo estar garantido este dereito en tódolos centros públicos e privados.

Por outra banda, díse que o Goberno galego regulará as circunstancias excepcionais en que un alumno poderá ser dispensado do estudio obligatorio da lingua galega.

Profesores, e alumnos do nivel universitario, educación de adultos, educación especial e centros de formación do profesorado están igualmente contemplados neste apartado da Lei de Normalización Lingüística.

O día 8 de setembro de 1983 a Xunta aprobaba o primeiro dos decretos de desenvolvemento para o ensino da Lei de Normalización.

### Desenrolado da lei

O primeiro dos decretos de desenvolvemento para o ensino da Lei de Normalización Lingüística, aprobado o día 8 de setembro pola Xunta, formulaba indicacións sobre o uso do galego nos niveis de Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional, así como no Curso de Orientación Universitaria e na modalidade de Educación Permanente de Adultos.

Dos dous seus artigos, que fan referencia ás dispensas do estudio de Lingua e Literatura galegas ían ser derogados en abril de 1990.

O día 1 de marzo de 1988 aprobábase outra orde de desenvolvemento da Lei normalizadora. Trataba-se nista ocasión de potenciar o galego como lingua oficial da Administración Educativa de Galicia.

O 18 de abril do 90, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, asinaba o decreto sobre exención da materia de Lingua galega nos ensinos Básico e Medio. Nela facultábase ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a dictar as ordes necesarias para o seu desenvolvemento. O 18 de xuño, unha orde asinada por Xosé Piñeiro Permuy establecía as normas e procedementos a seguir polos alumnos que poden ser dispensados do estudio obligatorio da lingua galega.

Ian a seguir outras ordes. A do 15 de xullo do 91, pola que se regulamentaba a organización e o funcionamento dos centros de Educación Infantil, Educación Xeral Básica, Educación Especial e Educación Permanente de Adultos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A do 24 de xullo do 91 pola que se regulamentaba a organización das actividades docentes nos centros de Bacharelato, Formación Profesional e Institutos de Educación Secundaria e Profesional.

Posteriormente publicouse o decreto de 12 de decembro do 91 polo que se establecía o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Plazas

Outras ordes en materia educativa, e que tamén recolle o libro editado pola Consellería de Educación son a orde do 24 de xullo de 1991 pola que se convocan 10 plazas por concurso de méritos, para profesores de ensino secundario e mestres, para desempeñar funcións de coordinadores docentes de galego. No mes de febreiro do 91 convócanse, mediante orde, encontros de formación en lingua galega para os coordinadores dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino non universitario da Comunidade Autónoma Galega.

Introducción da lingua galega nas probas de aptitude para o acceso á Universidade, regulamentación de títulos, e denominación dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma son os contidos dos diversos textos legais que sustentan o desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística e incluídos no volumen editado pola Consellería de Educación.

O libro fai tamén referencia a todo o que é o contido dos currículos dos diferentes niveis educativos. Programas, contidos, valiacións, cuestionarios para as oposiciones, horarios, etc...

**El 18 por ciento de los alumnos de sexto curso de Enseñanza Xeral Básica de la Comunidad Autónoma de Galicia repite curso. Otro tanto sucede con el 15 por ciento de los alumnos de séptimo curso de EXB y con el 10 por ciento de los de octavo. Estos índices, que superan en**

**tres puntos a la media estatal, son además superiores a los registrados en los países que integran la Comunidad económica Europea, reflejando por tanto una notoria desventaja de los resultados obtenidos en el sistema educativo español frente al europeo.**

## El 18% de los alumnos de sexto de EXB en Galicia repite curso

□ *El índice supera a la media española en tres puntos*

El citado indicativo del fracaso escolar, considerado como una de las causas generadoras de estrés en los escolares más jóvenes, lleva a los expertos en temas educativos a considerar justificada la revisión de la política educativa que se está desarrollando en estos últimos años, tal y como apuntan Domingo Gómez y María Teresa Pulido en su libro "Estrés na Escola: Evaluación da ansiedad no contexto escolar".

D. Gómez, titular de Diagnóstico Psicológico de la Universidad de Santiago y M.T. Pulido, del Equipo Psicopedagógico de Apoyo de la Consellería de Educación, acaban de publicar este trabajo de investigación en el que analizan la incidencia de las manifestaciones más representativas del estrés –ansiedad, agresividad, hostilidad, ira ó depresión–, en los diferentes niveles educativos.

Y es que el fracaso escolar, según se señala en el estudio, se baraja como uno de los principales males generadores del estrés que afecta a los estudiantes más jóvenes –EGB y Enseñanzas Medias-. Al estrés, la ansiedad y el miedo, "enemigos" declarados de la psique y que, no obstante han acompañado al ser humano a lo largo de su trayecto histórico, habría que sumar en la actualidad un nuevo ingrediente, también de carácter negativo, la competitividad. Esta, junto con el estrés, que marcan el ritmo de nuestra sociedad occidental, fuerzan un incremento, calificado de alarmante, del número de sujetos ansiosos.

Recuerdan los autores de la investigación que estudios realizados en USA y extrapolables a Eu-

ropa, ponen de manifiesto que el índice se sujetos ansiosos (16%) duplica al de personas afectadas por experiencias depresivas (8,5%).

Y es justamente en estos últimos años cuando la ansiedad, se ha constituido como uno de los trastornos más frecuentes y con una destacada incidencia en el ámbito infantil, dada precisamente las carencias de defensas de los primeros años. "Nuestros niños –apuntan Gómez y Pulido en la introducción de su trabajo–, reconvertidos en funcionarios de una institución escolar quizás excesivamente centrada en la productividad educativa –exáme-

res o disciplina en el aula, despiertan los temores de los escolares. Y es que, según se dice en el libro, nuestro sistema escolar funciona un tanto al margen de las leyes fundamentales que dirigen el desarrollo del niño.

Los escolares tienen una jornada laboral más larga que los obreros de la industria, si se tiene en cuenta el tiempo que pasan en el colegio, o del camino hasta el centro escolar y a las horas que cada día dedican a sus deberes en casa. "A estos niños, auténticos "funcionarios" de la escuela les queda muy poco margen de tiempo para un desahogo recomendable así como para sus jue-

**Los profesores tampoco se hallan inmunes al fenómeno del estrés y se calcula que lo padece un 25% a lo largo del curso**


nes, notas, sobresaturación de obligaciones–, no se encuentran exentos de una cierta presión competitiva, en ocasiones generadora de estrés".

### Incidencia

El Ciclo Inicial de EGB es, según los autores del estudio, un nivel educativo particularmente relevante en lo que se refiere a la incidencia del estrés, por tratarse ésta de una etapa en la que el niño ha de consolidar ciertas actitudes relativas al éxito o al fracaso en sus tareas escolares. Siendo además un momento en el que un serie de situaciones, como son exámenes, notas, debe-

gos". La misma densidad de las materias hace que en el colegio sea prácticamente imposible realizar los ejercicios suficientes y, para consolidar lo que se ha enseñado se considera imprescindible recurrir a los deberes. Al parecer, los padres, y particularmente la madre, queda contagia- da por el estrés de sus hijos al asumir el reto de participar en la disciplina de los deberes.

Más tarde, cuando los niños llegan a cursos más avanzados y tienen que estudiar en solitario materias desconocidas para sus padres, comenzarán a aparecer factores de conflicto adicionales ya que aproximadamente uno de cada diez alumnos se encuentra



El 18% de los alumnos de sexto de EGB repite curso.

capacitado, en el actual sistema educativo, para hacer por sí solo los deberes.

Los profesores tampoco se hallan inmunes al fenómeno del estrés en la escuela. La fatiga profesional, los conflictos con el alumnado y los propios compañeros, la incertidumbre ante los constantes cambios en los programas educativos y la masificación en las aulas constituyen, según se señala en el estudio, las causas principales por las que un alto porcentaje de profesores recurren a la baja laboral y otros resisten en detrimento de su salud y de la calidad de la enseñanza".

### Profesorado

Como una muestra de esta afirmación citan Domingo Gómez y M. Teresa Pulido las cifras dadas a conocer por la Organización Internacional del Trabajo (OIT) en 1983, según las cuales el 25% del profesorado muestra síntomas de estrés como consciencia de su actividad docente.

También acuden a los estudios hechos un año más tarde, en 1984, por Bartell y Brenner, en los que se pone de manifiesto que la vulnerabilidad al estrés de elevado riesgo se situó en el 28% del profesorado de Canadá y en el 39% del sueco. "Esta incidencia, podría ser extrapolable a otros países, entre ellos a Galicia".

## "Estrés na Escola"

"Estrés na Escola", se configura a través de dos apartados diferentes y complementarios. El contenido del primero de ellos está dedicado a una revisión actualizada de los postulados del estrés y de la ansiedad infantil, analizando los postulados teóricos más representativos y proponiendo una alternativa integradora de la ansiedad. Tras la teoría, la segunda parte del libro expone los resultados de una evaluación de la ansiedad realizada en el contexto escolar.

El libro ha sido prologado por Charles D. Spielberger, presidente de la American Psychological Association, que participó en Santiago en el acto de presentación del mismo. Destaca el profesor norteamericano en sus palabras el hecho de que los niños son unos sujetos particularmente vulnerables al estrés generado por la sociedad actual, dado que sus recursos son limitados para entender y asimilar las presiones ocasionadas por el ritmo acelerado de la vida diaria.

Por otra parte, Spielberger, apunta a la excesiva presión ejercida por el contexto escolar así como a la indefensión a la que se encuentran sometidos los niños cuyos padres tienen largas jornadas de trabajo.

### INVESTIGACION

#### Dos tipos de muestras

En la investigación, centrada fundamentalmente en los escolares gallegos se realizaron dos tipos de muestras. Una de ellas dirigida a escolares de la Comunidad Autónoma de Galicia, en la que participaron 1.165 escolares de los tres primeros cursos de EGB (681 niños y 484 niñas), de las cuatro provincias gallegas. El resto de los escolares encuestados fueron 288 niños y 115 niñas de otras comunidades autónomas; 103 niños y 117 niñas de Puerto Rico y 817 niños y 733 niñas de los Estados Unidos de América. Entre los resultados más relevantes en la evaluación de la ansiedad como una de las manifestaciones psicológicas del estrés en el contexto escolar, los autores de "Estrés na Escola.." citan en primer lugar la falta de diferencias significativas entre ambos sexos en los escolares estudiados. Asimismo se puede afirmar que, de los tres cursos en los que se realizó la muestra se detectó un mayor índice de ansiedad entre los alumnos de tercero de EGB frente a los de primero y segundo, cifrando esta superioridad en las mayores exigencias y la competitividad en el aula. Destaca a simismo en el informe que las posibles repercusiones a corto y a medio plazo de los alumnos afectados por la ansiedad intensa repercutirán negativamente en la realización de sus tareas escolares. "La ansiedad, reduce la capacidad de la memoria operativa requerida para el procesamiento de la tarea. De hecho, los alumnos ansiosos requieren mayor esfuerzo que los no ansiosos para conseguir hacer tareas semejantes".



# VACACIONES!!!

Pásatelo "guay"  
con los recortables, juegos,  
lápices de colores, estuches, acuarelas, barajas,...  
que tenemos para ti en  
**La Región**

Tambien te ayudamos  
a repasar con los  
libros de vacaciones,  
los "respondones" y  
otros juegos  
educativos

*¡Visítanos: te esperamos  
con un montón  
de sorpresas!*

**La Región**  
en  
**PASEO**  
centro comercial

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas específicamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Reconecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

-Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE INDUSTRIA, TURISMO  
Y COMERCIO



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

plan  
avanza,,